



**Máis
exercicios**

UNIDADE 1

E foi así como cho conto...

1. Volve aos textos da páxina 10 e reflexiona sobre os seguintes aspectos. Podedes traballar con dicionarios ou buscadores de Internet.

Texto A

1. Que palabras se usan para facer referencia a Xosé Manuel Budiño. Habería outras que poderías empregar?
2. Había moitos ou poucos espectadores?
3. Cal é o sinónimo empregado para **canción**. Poderías pensar noutros sinónimos?
4. Botas de menos algunha información que esperarías atopar na crónica dun concerto?

Texto B

1. Que palabras se empregan como sinónimo de **portaría**? Que outras poderían aparecer co mesmo valor?
2. Que palabras fan referencia a **marcar un gol**? Cales outras poderías empregar no mesmo lugar?
3. Como dirías doutra maneira as seguintes expresións?
 - Desde o primeiro minuto tentou impor o seu dominio.
 - Cabeceou maxistralmente.
 - O bombardeo seguiu polas bandas.
 - O Dépor lograba unha remontada decisiva e inesquecible.

Texto C

1. Mediante que palabras se fai referencia ao evento?
2. De que maneira se citan as persoas relacionadas co mundo do teatro?
3. Botas de menos algunha información que esperarías atopar na crónica dunha entrega de premios?

2. Escribe tres pequenos textos que acaben coa información que che damos en cada caso.

Aquela xornada foi para moitos o momento social máis importante da historia recente do país.

Naquel preciso intre, Xavier decatouse de que se equivocara.

Foi entón cando os seareiros se levantaron dos asentos e comezou unha ovación que durou máis de cinco minutos.

3. Conecta os pares das frases con algún dos seguintes marcadores temporais. Nalgúns casos pode haber varias opcións.

naqueles anos
estar a punto de
daquela
xusto nese momento
entón

1. O barco empezou a afundirse tralo choque. A xente púxose
histórica e comezou a correr.

.....
.....
.....

2. Despois da Guerra Civil, a situación de España non era nada
doada. Moitos galegos víronse obrigados a emigrar.

.....
.....
.....

3. Xan e Marta eran superamigos ata que comezaron a traballar
xuntos. A súa relación foise deteriorando.

.....
.....
.....

4. Os equipos galegos enfrontáronse na final da copa da liga
por primeira vez en 1997. O equipo coruñés gañou por 1-0.

.....
.....
.....

4. A. Le os seguintes substantivos e adxectivos que aparecen no texto “Desastre ecolóxico en Galicia” na actividade 2. Cales combinarías entre si? Trata de formular enunciados onde aparezan e anótaos no teu caderno.

Substantivos	Adxectivos
tristeza	dubidoso/a
augas	viscoso/a
navegación	grande
drama	ecolóxico/a
chapapote	macabro
reputación	difícil
marea	negro/a
estela	impropio/a
ira	tremendo/a
escenas	

B. Volve aos textos da catástrofe do *Prestige*, marca onde apareceron os substantivos e os adxectivos anteriores e contesta estas preguntas.

1. Os adxectivos aparecen antes ou despois do substantivo?
2. Cres que hai casos nos que se podería inverter a colocación?
3. En que casos pensas que é imposible alterar a orde?



C. De cales dos adxectivos que aparecen na actividade A son sinónimos os seguintes?

xigante
complicado
espeso
cuestionable
escuro
forte
inadecuado
magnífico

D. Aínda que dúas palabras sexan sinónimas, non sempre se poden usar indistintamente. Intercambia os adxectivos anteriores e os seus sinónimos nos exemplos dos textos e nos que pensaches ti. Funcionan? Observas diferenzas de uso? Toma notas para comentalo na clase.

5. Nas seguintes frases, a palabra **xente** pode substituírse por palabras máis específicas. No teu caderno, escribe as frases coas palabras adecuadas facendo os cambios oportunos cando sexa necesario.

1. O avión comezou a moverse bruscamente por culpa da treboada e, claro, a **xente** púxose histérica e empezou a gritar.
2. Cando Carlos Núñez anunciou a última canción da noite, a **xente** púxose a asubiar e a berrar que quería máis.
3. Cada vez hai máis concursos de televisión nos que a **xente** decide quen gaña, non?
4. O novo presidente seica prometeu mellorar a calidade de vida da **xente** nun prazo de dous anos.
5. Durante a comida, os noivos aproveitaron para agradecerlle á **xente** a súa asistencia á cerimonia.

6. A. Agora, como se foses un reporteiro, crea ti o contido da seguinte nova inventada a partir da introdución do presentador. Ten en conta todo o que sabes sobre este tipo de novas e emprega o dicionario.

***Presentador:** e agora, no ámbito cultural, destacamos a entrega, onte, dos premios do festival de cine máis importante do noso país.*

B. Na clase, compara a túa versión coa de dous compañeiros. Xuntos, reflexionade sobre as seguintes cuestións.

- Usastes as mesmas palabras ou outras novas?
- Descubristes vocabulario novo?
- Usastes ben os tempos verbais de pasado? Empregastes algún copretérito? Co valor que se lle dá nas novas xornalísticas ou con outro?

C. Agora, podeades redactar un único texto a partir dos que elaborastes individualmente?

UNIDADE 2

E ti, que opinas?

1. Unhas persoas fixéronlles unha serie de peticións a outras. Imaxina que lles puideron dicir para que lles aceptasen con condicións ou para que lles rexeitasen.

Sara, 22 anos. Dependenta.

Pediulle o coche á súa nai para marchar fóra a fin de semana cos seus amigos (ten o carné de conducir dende hai unha semana).

A súa nai

Acepta con condicións:

Rexeita:

Ana, 26 anos. Deseñadora gráfica.

Pediulle a Alfredo, o seu mellor amigo, que lle deixe o piso para celebrar a súa festa de aniversario. O ano pasado deixoullo e rompéronlle varias cousas.

Alfredo

Acepta con condicións:

Rexeita:

Santiago, 34 anos. Profesor.

Pediulle a Marta, a súa cuñada, que lle empreste 2000 euros para investir en bolsa. Santiago aínda lle debe 500 euros que lle prestara hai uns meses.

Marta

Acepta con condicións:

Rexeita:

Euxenio, 43 anos. Construtor.

Nunha reunión co alcalde da súa vila propúxolle construír 200 vivendas de baixo custo para xente nova, pero para facelo teñen que ocupar unha parte dun parque.

O alcalde

Acepta con condicións:

Rexeita:

Abel, 40 anos. Empresario.

Reuniuse cos veciños dunha praza para que cheguen a un acordo para a apertura dunha discoteca.

O voceiro dos veciños

Acepta con condicións:

Rexeita:

Helena, 22 anos. Estudante de Enxeñaría.

Pediulle permiso á súa comunidade de veciños para poder facer unha festa no seu piso o martes da semana que vén.

Estela. Presidenta da comunidade.

Acepta con condicións:

Rexeita:

2. A. Que substantivos ou verbos lles corresponden ás seguintes palabras?

preservar **protexer**

organización **convivir**

apoio **usar**

adscripción **recuperar**

promoción **construír**

coidar crecemento
gozar consumir

B. Agora, utiliza as palabras anteriores para completar as declaracións aparecidas nun diario local dunha cidade galega (ás veces é posible máis dunha opción).

Carlos Suárez, presidente da asociación Unha Cidade para Todos.

- Tentamos favorecer a.....entre os novos e a xente maior. Pensamos que non é bo que as novas xeracións esquezan certos valores e, ao tempo, cremos que os maiores poden.....do contacto cos novos e sentirse moito máis útiles.O noso traballo consiste basicamente en..... actividades e eventos para promover o contacto entre as distintas xeracións.

Mónica Martínez, concelleira de Medio.

- Estamos traballando para concienciar a cidadanía da importancia de facer un razoable dos recursos dos que dispoñemos: o.....de auga e electricidade disparouse e por iso é moi importante crear plans axeitados de sustentabilidade. En moitas ocasións, trátase simplemente de ter un pouco de: non deixar billas abertas, apagar a luz cando non a precisamos.

Francisco López, novo director do museo da cidade.

- Entre os obxectivos que nos propuxemos levar adiante atópase un plan de do patrimonio artístico da cidade e a creación dun departamento para..... a novos artistas, aos que ata agora lles custaba atopar unha saída para o seu traballo. Ado antigo e ado moderno son claves para que a vida artística da cidade goce de boa saúde.

Margarita Crespo, empresaria.

- Os empresarios estamos moi preocupados pola política do concello: ado medio está moi ben, pero a nosa cidade necesita medrar e para iso é necesaria a de novas vivendas. É así de simple, por iso non vemos con bos ollos a proposta de ao movemento de cidades tranquilas.

3. Le as anotacións dun experto sobre como deben ser as cidades do futuro e decide cales serían as vantaxes e desvantaxes de cada unha delas.

As cidades deberían ter un sistema de transporte funcionando de maneira continua e abrangendo toda a cidade. Isto permitiría que as persoas non tivesen que empregar os seus automóviles.

O perímetro exterior das cidades debe estar dedicado ao cultivo agrícola de carácter hidropónico (que non precise de solo), para poder abastecer as necesidades de mercado de produtos frescos das cidades mediante a modificación e produción de células vivas e sen ocupar grandes extensións de terreos.

O concepto de cidade tal e como o entendemos hoxe desaparecerá e dará lugar a asentamentos urbanos unidos entre si por medio dun corredor viario de comunicación, sen un perímetro urbano definido e sen un centro tal e como o concibimos na actualidade.

Aproveitaranse ao máximo as enerxías alternativas, como o sol, o vento, o gas, en detrimento do uso de enerxía eléctrica e nuclear.

A domótica será o mecanismo empregado para controlar e aforrar na iluminación, climatización e seguridade nas vivendas, que serán auténticos edificios intelixentes.

As vivendas estarán construídas con materiais renovables e reciclables que permitan un desenvolvemento sustentable sen destruír a natureza. Os novos materiais, como o titanio, as fibras de carbono e o poliestireno, deixarán atrás a pedra, a madeira e os ladrillos de arxila cocida como elementos básicos da construción.

4. Substitúe as formas en grosa pola forma máis axeitada do infinitivo conjugado.

1. Cando saiamos de casa, chamámoste para que xa baixes ao portal.

2. Se sae a convocatoria, presentámonos ao concurso de contratación.

3. Hai que saber moi ben cales son as vías que están menos transitadas **para que poidamos** saír máis rápido da cidade.

4. Cando falaron con ela decatáronse de que non dicía toda a verdade.

5. Aquí tes os apuntamentos que tomou o secretario da comunidade de veciños. Redáctaos dun xeito máis formal, segundo o modelo de acta que tes na actividade 3 da unidade.

1. En Lalín, ás 20 h do 12 de novembro de 2008, reunímonos no local social do edificio Cooperativa Deza, que está na rúa do Alcalde Ferreiro nº 5, baixo a presidencia de don Gonzalo Chamorro González. Actúa como secretario don Antonio Arturo Díaz.
2. Aprobamos a acta anterior.
3. Estudamos o cambio da porta do garaxe por outra electrónica para evitar accidentes como o que aconteceu hai uns días.
4. Escoitamos as peticións dos veciños do portal n.º 3 que se queixan de que a porta do portal sempre está aberta por culpa do salón de peiteado e da clínica que están nese portal.
5. Unha vez que acordamos a data para a seguinte reunión, levantamos a sesión.

6. Agora, co teu compañeiro, opinade se estades de acordo ou non coas seguintes declaracións.

• Pois mira, a min iso de que só porque teñas un fillo teñas máis vantaxes ca min na flexibilidade do teu horario laboral paréceme inxusto. E que pasa cos que non queremos ou non podemos ter fillos? Que temos menos dereito ca vós? Ou é que non temos vida persoal por non ter fillos? Pois non creo que se estean respectando os meus dereitos persoais, eh?

• A min paréceme unha tolería o dos minipisos, porque é que xa parece que vivimos coma as pombas, metidos en gaiolas, que non temos dereito a un espazo mínimo. É que nos tratan como se fóssemos animais, a verdade.

• Eu creo que debería existir unha lexislación moi clara sobre o deseño das casas. É que non é normal que ti no medio dunha aldea galega, se queres, podes facer unha casa con deseño xaponés. Estase acabando coa arquitectura patrimonial.

UNIDADE 3 Valorarase a experiencia

1. A. Conxuga os seguintes verbos en futuro de subxuntivo.

ser	entregar	poñer	solicitar

estar	poder	querer	facer

B. Serías quen de construír algunha frase na que aparecese o futuro de subxuntivo? Na sección de Consultar tes axuda ou tamén podes pedirlla ao teu profesor.

2. Coloca a forma verbal correspondente.

1. Só poderán optar á adxudicación das prazas aquelas persoas que non (**vivir**) nunca na Arxentina.
2. As bolsas van dirixidas ao estudantado que demostre (**vivir**) na actualidade na UE.
3. Todas aquelas persoas que (**presentarse**) ao concurso en edicións anteriores deberán volver achegar toda a documentación requirida.
4. Esta convocatoria vai dirixida a todos aqueles que (**terminar**) os seus estudos superiores nos últimos dous anos.
5. Todos aqueles que decidan (**presentarse**) ao exame poden deixar os seus datos na conserxaría.

3. Completa cada unha das seguintes oracións con algún destes tres elementos.

aquelas persoas quen aqueles

1. A convocatoria vai dirixida a nacidas entre 1980 e 1985
2. non teña experiencia recibirá formación a cargo da empresa.
3.que pasen as tres primeiras fases da selección deberán desprazarse ás nosas oficinas centrais de Santiago de Compostela para realizar a derradeira proba.
4. Só poderán acceder á selección final..... que superen todas as probas cunha media superior a 8'5.
5.que fosen premiadas en edicións anteriores do concurso non poderán presentarse.
6.que pasen a primeira fase serán entrevistados por un tribunal de expertos.

4. A. Para que cres que se poden esixir os seguintes requisitos?

REQUISITOS	TRABALLOS
Experiencia en condución de furgonetas	
Capacidade de relación	
Dotes de venda	
Coñecemento de ofimática	
Boa condición física	
Boa presenza	
Disponibilidade para traballar as fins de semana	
Capacidade de comunicación	
Vehículo propio	

B. Como serían os anuncios de traballo para os seguintes postos? O último decídeo ti.

Precísase condutor

Precísase relacións públicas

Precísase dependenta

Precísase...

5. Escribe o substantivo relacionado con cada un dos verbos que aparece entre paréntese.

1. O (**servir**)..... de atención aos usuarios estará restrinxido nos próximos días ao seguinte horario.
2. Unha vez que a (**sentenciar**) foi ditada polo xuíz, debe ser executada.
3. Os (**producir**) orgánicos que se obteñen no agro galego aínda non teñen moita saída nos mercados diarios.
4. Quero darlle as (**agradecer**)..... polo ben que se portou comigo.
5. Mañá non podo ir contigo. Teño que facer unha (**substituír**) no instituto.

máis exercicios

6. Transforma as seguintes frases noutras impersonais.

1. Durante o partido a policía tomará medidas preventivas para evitar que os seareiros máis exaltados poidan provocar disturbios.

2. Para resolver este caso, os investigadores levarán a cabo unha serie de investigacións que permitan reconstruír todo o proceso.

3. Para todos aqueles que precisen dun xustificante de asistencia a esta convocatoria, o presidente do tribunal expedirá as certificacións correspondentes.

4. Non serán admitidas aquelas persoas que non presentaren o DNI ou calquera documento que permita a súa identificación.

7. Cres que as formas verbais subliñadas teñen todas o mesmo valor? Coméntao co teu compañeiro.

1. Ola, ti es Pablo, non? Xa te teño visto moitas veces pola cafetería da escola, eu son Maruxa, a irmá de Xacobe.
2. Cando teñas estudada toda a lección podes xogar coa play.
3. Canto máis llo teño dito, menos caso me fai este rapaz, vai acabar comigo!
4. Quen leva emigrado moitos anos sabe o que é botar de menos a terra.

8. A. A continuación tes o informe que elaborou a coordinadora dun congreso sobre arte contemporánea. Reordenao segundo a lóxica da información que presenta.

Asunto: Congreso Internacional Reorientacións da Arte Contemporánea

Conseguido o obxectivo da participación, no que se refire ao desenvolvemento das sesións, todas elas (conferencias, comunicacións e talleres) responderon ás expectativas xeradas, en canto á calidade científica e artística, e ao clima de debate, discusión e intercambio de ideas que se orixinaron nos tres días de duración. Todo isto foi posible debido á excelente predisposición de relatores e asistentes. Ademais, por ser considerados os relatorios do máximo interese, propúxose a súa publicación na revista *Arte Crítica*, cuxo consello de redacción xa lle deu o seu visto e praxe á proposta.

En resumo, o resultado do congreso foi positivo, aínda que hai marxe de mellora para futuras edicións, para o cal conviña ter en conta algunhas observacións. En primeiro lugar, cómpre establecer unha taxa de inscrición mínima para saber con exactitude o número de asistentes cos que se conta, xa que, ao ser de asistencia libre, moitas persoas cubriron a ficha de inscrición, pero logo non participaron no evento. E, en segundo lugar, reducir o tempo dos seminarios e aumentar o das mesas redondas, así como o número de comunicacións, posto que lle dan máis versatilidade e axilidade ao evento. De todos os modos, para incidir neste aspecto abrírase un espazo para suxestións no sitio web do congreso, que continuará activo, polo menos, durante os próximos doce meses.

A consecución dos obxectivos adquire maior importancia ao tratarse dun congreso inédito e non contar con antecedentes previos neste formato. Neste sentido, un dos factores que inicialmente causaba maior incerteza era a asistencia do público, dado o carácter minoritario da arte contemporánea, pois o congreso non ía dirixido só a especialistas, senón tamén a alumnado universitario ou a calquera persoa que puidese estar interesada. Con todo, é preciso destacar que a asistencia foi considerable no total da programación, incrementándose incluso a medida que avanzaba o evento.

UNIDADE 4 A vida é puro teatro

O Congreso Internacional Reorientacións da Arte Contemporánea tivo lugar o 23, 24 e 25 de maio no Pazo Internacional de Congresos de Ferrol e a comisión organizadora estivo composta por profesorado universitario, directores de museos de arte contemporánea e comisarios. O balance do congreso permite unha valoración positiva, por canto se desenvolveu con absoluta normalidade e se conseguiron os obxectivos inicialmente propostos.


Respecto á viabilidade económica do congreso, cubriuse o orzamento previsto que quedou estipulado nas cantidades que se indican no anexo. O conxunto dos gastos cubriuse coas axudas da Fundación Imaxe&Arte e as universidades e centros de arte contemporánea que participaban no comité de organización. Tamén se contou coa axuda das administracións públicas e da Imprenta Carabela, que realizou de forma gratuíta os carteis e os folletos divulgativos do congreso.

A coordinadora do congreso
Mercedes Alonso Cancela

Ferrol, 30 de maio de 2008

B. Marca agora no texto os elementos que che axudaron a ordenar a información.

1. Con que persoa de cada parella te identificas máis? Xustifícao.



- Paco cociña **de vicio**.
- A Andrea a cociña **dáselle fatal**.
- A Ana encántalle estar **ás escuras**.
- Carlos pasa o día **vendo filmes a esgalla**.
- Mónica sempre come **devagar**.
- Marcos sempre come **a presa**.
- Carme sempre fala **aos berros**.
- Toni fala moi **baixiño**, custa entendelo.
- A Alicia gústalle conducir **amodo**.
- Breixo sempre conduce **como unha bala**.
- Cristina traballa **arreo**.
- Xaime sempre traballa **a ralentí**.

2. Decide cal é o mellor final para cada frase.

1. A semana pasada a canle autonómica **botou**
2. Meu pai non descansou ata **botar**
3. Estaba inspirado e, ante todos os asistentes, **botei**
4. Esa porta está **botando**
5. Está afeito a non estar na casa, xa que **botou**
6. Vístete mellor e **bota**
7. Protestou e **botárono**

- a. un aire frío que me xea as costas.
- b. todo o millo.
- c. do campo.
- d. capítulos antigos da serie *Mareas Vivas*.
- e. dunha vez esa roupa no lixo.
- f. o mellor discurso da miña vida.
- g. un ano enteiro navegando polo mar do Norte.

máis exercicios

3. Agora, reescribe as frases anteriores substituíndo as construcións co verbo **botar** por un destes verbos.

EXPULSAR DESPRENDER	SEMENTAR PERMANECER PROFERIR	REPOÑER TIRAR

4. Completa as conversas coas palabras adecuadas do cadro.

ledo/a abraiado/a	resgardado/a estudando	fino/a

- Que lle pasa? Que raro anda hoxe?
 - Coa reprimenda que lle caeu hoxe do director quedou
..... . Non creo que volva facer outra.
- Realmente estas sorpresas só poden pasarche unha vez na vida. Quedei totalmente, non esperaba isto del.
 - Pero tampouco deberías facerlle tanto caso.
- Parece ser que mañá se interromperán as clases, non?
 - Si, si. No telexornal aconsellaron que a xente quede
..... na casa, por mor de posibles temporais.

- E que é de Marta que xa hai que non a vexo?
 - Pois hoxe tamén quedou A verdade que leva un mes pechada na casa cos exames.
- Que marabilla! Quedei moi coas noticias túas que me foron chegando! Parabéns!
 - Grazas. Veña, convídote a unha cervexa!

5. A. No teu caderno, redacta doutra maneira as ideas expresadas coas perífrases en grossa.

- Que lle pasou a María o outro día? Quedei preocupado.
 - Pois non o sei, de súpeto **púxose a chorar** e ninguén soubo a razón. Non o estará a pasar ben.
- Estou farto das reaccións de Modesto. Non o entendo.
 - Eu tampouco. Sen mediar palabra, **botou a andar**. Esperemos que nos dea algunha explicación.
- Que cambio o de Carlos, non?
 - Si, menos mal que lle baixaron os fumes. Desde que **deu en comportarse** como un tipo normal é outra persoa, agora xa se pode falar con el.
- E Uxía que é dela?
 - Pois coma sempre. **Anda a latricar** todo o día, pero non fai nada de proveito.
- E ti non te aburres da túa cidade?
 - Pois ás veces un pouco, pero **levo vivindo** nela toda a vida e agora xa non sei se podou ou se quero cambiar.
- Que tal che foi nos exames Antón?
 - Pois non moi ben e non mo explico. Co que **levo estudando** todo o ano.
- Ultimamente vexo moi triste a Andrés. Que lle pasa?
 - Pois anda moi preocupado porque non **dá terminado** a casa e xa queren ir vivir para alí.
- Ao final compraches o coche, Iria?
 - Comprei, dubidei moito porque, ao final, cos complementos **viña a custar** bastante máis do estipulado no prezo de saída.
- Eu non consigo entender a Pedro, e ti?
 - Eu tampouco. Mira que **volver saír** con Adela, co mal que sempre lles foi.
- Non o vas crer!, **acabo de ver** a Luís saíndo da fábrica.
 - Pero non dixo que o deixara, que nunca máis ía entrar nela.
- Marcos, **deixa de molestar** a túa irmá!
 - Foi ela a que primeiro se meteu comigo. E eu non lle fixera nada.

12. ● Viches ultimamente a teu primo? Sabes se aínda ten a máquina de embotellar que lle deixei?
○ Pois ao mellor si, porque falei con el a fin de semana e díxome que **seguía embotellando**.

B. Agora, expresa as ideas que aparecen en grosa utilizando adecuadamente as perífrases que saíron na actividade A.

- Parece que agora Antía non lles fala aos pais.
○ Iso parece. E é algo inexplicable porque con **todas as cousas que fixeron** por ela.
- Estou moi indignado. O televisor que comprei **finalmente foi** tan malo como me dixeran. Non sei porque non fixen caso.
○ Non te lamente tanto, que ás veces nin todo o que se di é certo.
- Que tal onte no parque? Pasástelo ben?
○ Si, moito. Está moi ben pensado para rapaces. Os nosos divertíronse moito ata que o pequeno comezou a ter sono e **comezou a chorar por todo** e xa non parou.
- Oes, mándalle saúdos a Camilo cando o vexas, eh!
○ Por suposto, ademais agora véxoo a miúdo porque **xoga outra vez** con nós, no noso equipo de fútbol sala.
- Que triste vexo a Andrés estes días.
○ Xa cho creo, **hai pouco deixouno** a moza depois de varios anos.
- Que raro verte a ti por aquí!
○ Si. Estou esperando a Alicia para dar un paseo, pero non **acaba máis** as tarefas da casa. E xa levo media hora.
- Onte díxome Sara que xa hai moito tempo que non a chamas.
○ Nin penso. Porque **fala todo o día** de min e sempre ás costas. Estou esperando toparme con ela para ver se é quen de dicirme esas cousas á cara.
- Empezamos a comer xa?
○ Si, porque Xoán **durmiu toda a mañá e aínda segue** e non creo que se levante, porque onte saíu ata as 8.
- Chegamos todos xuntos ao monte Castrove, menos María. De súpeto **comezou a andar máis rápido** e xa non a vimos máis ata chegarmos.
○ Si, e co lixeira que anda, non creo que fósedes capaces de atrapala.
- Que ben vexo a teu pai!
○ Si, dende que **xa non fuma**, é outro home.
- Que histérico o meniño de Sabela e Xurxo! Por nada, **comezou a berrar** como un tolo e non deu tregua.
○ Va. Son cousas de bebés. Hai que ter paciencia con eles.
- E ti **aínda saes** por Muros? Ou cambiaches de zona para andar de marcha?
○ Non, por alí sigo. Xa sabes que son un incombustible.

6. A. Escribe cada un dos substantivos da lista ao lado da súa definición. Logo, escribe o adxectivo correspondente para describir a unha persoa.

desgana	timidez	angustia	tranquilidade
enfado	estrañeza	ledicia	relax
tristura	agarimo	sorpresa	nerviosismo
desacougo	desolación	inquietud	afervoramento
fastidio	ansiedade		

	Substantivo	Adxectivo
– Estado de repouso – Efecto provocado por algo que se sae do normal ou do esperado. – Estado de angustia extrema. – Medo a falar ou a actuar, sobre todo en presenza de estraños. – Alteración do ánimo acompañada de ira. – Desgusto provocado por un contratempo. – Exaltación positiva do ánimo. – Incapacidade para saber esperar. – Estado de excitación provocado pola falta de tranquilidade. – Sensación opresiva de medo ou padecemento. – Impresión provocada por algo que non se espera. – Sensación que provoca un suceso favorable. – Sensación que deprime o ánimo, provocada normalmente por un suceso negativo. – Calidade que implica a ausencia de nerviosismo, inquietud ou excitación. – Estado de axitación que pode ir acompañado dun movemento físico que a reflicte. – Estado de ánimo no que a unha persoa non lle apetece facer nada ou ningunha actividade en concreto. – Preocupación ou impaciencia provocadas por algo que vai ocorrer. – Sentimento de amor ou afecto cara a alguén ou algo.	Relax	relaxado/a

máis exercicios

B. Que relacións podes establecer entre os substantivos anteriores? Completa os cadros.

Ideas contrarias
tranquilidade/inquietanza
Ideas similares
Causa-efecto

7. A. Completa coas palabras da lista esta descrición do inicio dunha obra teatral. Non te esquezas de conxugar os verbos.

senta	chea	de súpeto	escuro
a oito	paseniño	aceno	ensimesmada
abanea	císcaas	abraiada	
maceira	escenario	arredor	

O representa un campo cunha árbore
 de froitos. Unha muller dorme e
 esperta. Entre asustada e, mira
 de si e logo contempla a
 o tronco e as mazás comezan a caer a
 Vainas recollendo, como

..... Cando as ten todas no regazo,
 por todo o escenario, igual que se as estivese sementando
 de novo. nunha esquina, mira para un lateral
 e fai un De alí a pouco entra un home, todo
 vestido de

B. Que cres que pasa despois? Continúa a descrición indicando con detalle como e cando suceden as cousas. Se queres, podes empregar algunhas das palabras ou expresións que che suxerimos a continuación.

levantarse	recoñecer
aperta	temor
lentamente	fuxidío
aproximarse	esvaecer
sen dubidalo	inesperadamente

8. Que situacións ou feitos concretos cres que poden provocar que unha persoa quede das seguintes maneiras?

tranquila

derrubada

sen fala

durmida

queda

preocupada

de pedra

nos ósos

9. Que problemas relacionados coas posturas nas que traballan e cos movementos que realizan cres que poden ter os seguintes profesionais? Se se che ocorren outros, escribe os seus posibles problemas no teu caderno.

Camareiros: *os camareiros pasan moito tempo de pé e iso non é bo para...*

Albaneis:

Deseñadores gráficos:


Condutores de autobuses:

Profesionais da limpeza:

Azafatas de congresos:

UNIDADE 5 Dixeches que o farías

1. A. Aquí tes unha serie de palabras relacionadas co ámbito da televisión. Trata de enlazalas mediante un diagrama (axudámosche a comezalo).



B. As seguintes palabras poden ter significados similares ou diferentes en contextos non relacionados co ámbito da televisión. Completa as fichas con outros significados.

Emisión

Podería aparecer nun texto escrito ou nunha conversa sobre a contaminación ambiental para referirse a...

Concurso

Espectador

máis exercicios

Programación

Grella

Espazo

Exposición do problema

Exemplos do problema

Conclusión

2. A. Aquí tes un fragmento dunha carta de reclamación escrita por un cidadán ao Defensor do Telespectador. Resume o contido de cada parágrafo nunha idea e clasifícaa no cadro que está a continuación.

A semana pasada celebrouse o primeiro aniversario da Canle 10 e festexárono con moito entusiasmo. A min paréceme que a cadea non ten ningún motivo de celebración, xa que moitas das grandes promesas que fixeron na súa presentación aos medios agora soan a verdadeira tomadura de pelo.

En primeiro lugar, dixeron que os seus programas estarían cargados de humor, pero de que tipo de humor? Do máis vulgar e ordinario e, ademais, estendido de xeito esaxerado a calquera tipo de programa. Un programa de cociña ten que estar presentado con humor? E un informativo de actualidade, cando as novas non dan ningún motivo para a gargallada? O humor vulgar da cadea é unha ofensa contra o bo gusto.

En segundo lugar, as tan prometidas e gabadas producións do público, que son? Aseguraron que pasarían por un comité que se encargaría de seleccionar as mellores, pero... con que criterios actúa o comité? A maioría son verdadeiras trapalladas e, o que é peor, en moitas delas faise publicidade explícita de certos produtos malia estar prohibido. Canto cobra a cadea por emitir eses supostos documentos reais? Quen os gravou e con que intención? De feito, non son máis que anuncios publicitarios da peor calidade, publicidade encuberta que dubido moito de que sexa legal.

En conclusión, anunciaron unha programación variable coa intención de que o espectador quedase abraiado semana tras semana. Pois ben, conseguírono: imos de sorpresa en sorpresa e a cada cal peor, isto é, podemos “sorprendernos” con programas de contido violento ou adulto na franxa da tarde cando os rapaces volven da escola.

Onde está o prometido código de regulación? É esa a televisión de calidade que desexamos todos? Espero que de aquí en diante consideren os seus erros e tenten cumprir as súas promesas. Non necesitamos tellixo, grazas.

B. Agora busca no texto as expresións ou palabras segundo as seguintes funcións que realizan.

- ◆ Ordenar ideas:
- ◆ Presentar unha opinión persoal:
- ◆ Explicar con máis detalle:
- ◆ Matizar:
- ◆ Expresar contraste:
- ◆ Xustificar:
- ◆ Concluir:

C. Poderíalles atopar algún sinónimo a esas palabras e expresións? Consulta algún dicionario ou pídelle axuda ao teu profesor.

D. Como expresaría as seguintes ideas cun ton diferente ao do texto? Compara as túas ideas coas do teu compañeiro.

1. Moitas das grandes promesas que fixeron na súa presentación aos medios agora soan a verdadeira tomadura de pelo.
2. O humor vulgar da cadea é unha ofensa contra o bo gusto.
3. A maioría das producións do público son verdadeiras trapalladas.
4. Non son máis que anuncios publicitarios da peor calidade.

3. A. Le os seguintes anuncios publicitarios. Que produtos poderían anunciar? A que público cres que podería ir dirixido cada un? Completa as fichas.

1. Para que ti e os teus sintades a calor do inverno.

Produtos:

Público:

2. Para mimar o que máis che importa.

Produtos:

Público:

3. Para que a túa música vaia onde ti vas.

Produtos:

Público:

4. Para facer da túa xubilación unhas vacacións.

Produtos:

Público:

5. Para que os anos pasen máis devagar.

Produtos:

Público:

6. Para levar sempre un bo recordo.

Produtos:

Público:

B. Pensa en tres anuncios máis seguindo a mesma fórmula dos anteriores. Podes xogar ás adiviñas cos teus compañeiros para saber de que produto se trata.

4. Agora fai con estes adxectivos e os prefixos **des-**, **im-**, **in-** e **i-** o maior número de combinacións posibles.



5. A partir das seguintes palabras, constrúe todos adxectivos que se che ocorran empregando os seguintes sufixos: **-eiro/a**, **-ón/-ona**, **-ado/a**, **-ido/a**, **-án**, **-axe**, **-ante**. Nalgúns casos pode haber máis dunha combinación.

chorar chorón

falar _____

comer _____

mentir _____

festa _____

durmir _____

lamber _____

UNIDADE 6

Lugares con encanto

1. A. Cales das seguintes palabras podes relacionar co lugar onde vives? Sublíñaas.

costa	museo
campo de fútbol	balcón
pazo	capela
torre	restaurante
merendeiro	paseo
mercado	beirarrúa
fortaleza	templo
contedores de lixo	porto
catedral	igreja
convento	tráfico
parque	edificio
transporte público	hotel
avenida	xardín
fachada	

B. Compara con algún compañeiro se tedes as mesmas ou non. Comentade se considerades que hai algunha deficiencia ou falla dalgún deses elementos.

- Pois, por exemplo, na miña vila hai un pazo cunha fachada preciosa que está sen limpar.

2. Completa as frases cos elementos necesarios do cadro. Nalgúns casos hai varias posibilidades.

con	o	que
de	a	cal
dende	os	cales
en	as	
por		

1. Ninguén sabe os motivos dimitiu o alcalde.
2. Na cidade atópase unha das fábricas dunha coñecida marca de coches, dá traballo a miles de persoas.
3. Viches o último anuncio de TeleGA?
Cal? Ese sae un can falando?

4. A antiga muralla romana, se atopa en moi bo estado de conservación, atrae numerosos turistas na cidade galega de Lugo.
5. Hai algúns riscos o viaxeiro debe ser consciente antes de visitar certos lugares.
6. Nunca me atopei nunha situación a miña vida correse perigo.
7. A Torre de Hércules, hai unha vista fantástica da Coruña, é visitada por miles de turistas.
8. Na actualidade hai moitas compañías de baixo custo, favoreceu que a xente viaxe máis.
9. Recordas todo che dixen onte sobre Marcos e Ana? Pois resulta que era mentira.
10. Cando fun a Alemaña, os da compañía aérea perdéronme a maleta e claro, como non tiña nada abrigarme, comprei un montón de roupa.

3. A. Aquí tes algunhas intervencións nun foro de viaxeiros nas que as persoas piden consello. Xunto co teu compañeiro escribide as respostas que consideredes oportunas.

1. Non sei a onde ir de lúa de mel. Gustaríame algo exótico e paradisíaco, pero, ao mesmo tempo, un lugar onde ver algunha cidade bonita e interesante. O idioma non importa, porque tanto a miña parella coma min falamos inglés. Miguel.

2. Espero que me poidades axudar, porque estou farta de mirar páxinas e páxinas de Internet e non atopo nada que acaia co que busco. Caso dentro de dous meses, concretamente o 12 de novembro, e aínda non sabemos a onde imos de lúa de mel. Preocúpannos dúas cousas: a primeira é a cuestión económica; a segunda é o idioma, porque ningún dos dous falamos moi ben o inglés. En fin... a ver se alguén me dá un consello. Grazas a todos. Bea.

3. Somos unha parella de mozos que casamos no mes de decembro. Que lugar nos recomendariades para ir nesas datas de lúa de mel? Preocúpanos o clima e que poidamos facer cousas variadas. Paco.

B. Estes son algúns consellos para escribir un diario de viaxes. Podes completalos cos elementos relativos que faltan.

Como escribir un diario de viaxe

1. Facer unha breve presentación _____ fales da historia do lugar, da súa xeografía e da situación político-económica.
2. Explicar a razón ou razóns _____ decidiches visitar ese lugar.
3. Propoñer os lugares _____ consideres “parada obrigatoria”, é dicir, aqueles _____ un viaxeiro non debería perderse ao visitar ese lugar.
4. Falar dos lugares _____ quedaches a durmir (recomendaríalos?) e doutros _____ fuches (restaurantes, museos etc.). Se o recordas, poderías falar dos prezos e dar os enderezos e os teléfonos dalgúns dos lugares.
5. Explicar como fuches: tren, avión, autobús... Podes falar dos custos e facer advertencias ou recomendacións _____ creas oportunas.
6. Facer recomendacións de tipo xeral como, por exemplo, se hai que levar algo en particular (algún obxecto _____ che resultará moi útil ou _____ te arrepentiches de non levar contigo, como repelente de mosquitos, algún medicamento...).
7. Comentar a experiencia da viaxe: cambioute nalgún sentido? Aprendiches algo novo? Que te sorprendeu máis? Sufriches algunha decepción?

C. Agora, seguindo as pautas anteriores, escribe un diario dalgunha viaxe que fixeches. Se non recordas todos os detalles ou se non queres falar dunha viaxe túa, podes inventala.

4. A. Aquí tes información moi esquemática sobre un concello de Galicia que consta de seis parroquias, algunhas delas moi coñecidas polos seus produtos ou polas súas festas. Tenta construír un pequeno texto descritivo do concello. Trata de empregar construcións de relativo, pasivas e con participio.

Provincia: Lugo. Comarca: Mariña occidental. Concello: Cervo. Parroquias: Castelo, Cervo, Lieiro, Rúa, San Román de Vilaestrofe e Sargadelos.

A San Cibrao (lugar da parroquia de Lieiro) chámanlle península da Paz. Ten arredor finos e brancos areais, como as praias do Torno e Cubelas (bandeiras azuis da UE).

O Parque Natural de Sargadelos está na parroquia de Sargadelos. Dende Cervo pódese chegar a Sargadelos polo Camiño Real, bordeando o río Xunco onde hai fervezas.

No Parque Natural de Sargadelos está o conxunto histórico patrimonial cos restos das antigas fundicións e fábricas de louza (propiedade de Antonio Raimundo Ibáñez, marqués de Sargadelos, século XVIII).

No Parque Natural de Sargadelos pódese camiñar polo Paseo dos Namorados ata o final, onde hai unha ferverza.

Maruxaina é o nome da protagonista da lenda máis famosa desta vila. A festa na súa honra celébrase dende o 1985 e, no 2002, proclamouse de interese turístico.

A lenda conta que nas illas dos Farallóns, fronte a San Cibrao, vive unha serea que toca o corno. Algúns veciños pensan que o fai con boas intencións (avisalos da proximidade dun temporal) e outros pensan que o fai por mal (para tolealos e que embarranquen nos Farallóns).

A celebración comeza pola mañá do segundo sábado do mes de agosto co seguinte itinerario:

Mañá: todos os veciños na praza da vila vestidos ao xeito dos mariñeiros antigos e percorrido polas rúas da vila co son das gaitas e dos cornos.

Tarde: comida na praia e xogos populares.

Noite: apáganse todas as luces da vila e báixase á praia, onde chega a Maruxaina dende os Farallóns nas chalanas. Lévasse á praza e represéntase un xuízo para decidir queimala ou indultala; indúltase todos os anos e para celebralo iníciase unha gran festa, na que se reparten miles de litros de queimada.

UNIDADE 7

Antes de que
sexa tarde

1. Escribe os conceptos sinónimos das palabras subliñadas nos seguintes contextos. Ten en conta que nalgúns casos hai varias posibilidades.
- 1. Existen enerxías alternativas que provocan un impacto mínimo no medio.
 - 2. O quecemento global da Terra pode ter graves consecuencias.
 - 3. Debemos xestionar eficientemente o uso da auga.
 - 4. As necesidades de auga son cada vez maiores.
 - 5. A demanda de enerxía continúa a medrar.
 - 6. Deberíase impulsar o uso de certos materiais na construción.
 - 7. Todos debemos tomar en serio os problemas do medio, tamén as grandes potencias.

2. Aquí tes unha serie de expresións que pertencen a un rexistro coloquial. Cámbiaas a un rexistro máis formal.

- 1. O efecto invernadoiro é por culpa dun gas que lle chaman CO₂.
- 2. O quecemento da Terra é por culpa do efecto invernadoiro.
- 3. Hai que buscar outras fontes de enerxía antes de que se acabe o petróleo.
- 4. Máis de mil millóns de persoas teñen problemas porque cada vez hai menos auga que se poida beber.
- 5. O plástico que botamos ao lixo cada día en todo o mundo é un problema ben gordo.
- 6. Hai que reciclar nas casas todo o lixo para que as cousas non empeoren no medio.


3. A partir dos seguintes verbos, constrúe o substantivo correspondente.

Elaborar	
Fabricar	
Xustificar	
Reducir	
Derribar	
Amontoar	
Reciclar	
Aprender	

Inscribir	
Transvasar	
Acabar	
Seguir	
Restablecer/ restabelecer	
Producir	
Conducir	
Construír	
Destruír	

4. Crea redes de palabras ou expresións que asocies aos conceptos do cadro (repara no modelo). Compáraas coas que fixeron os teus compañeiros e xustifícale as relacións que estableceste.

reservas de petróleo
impacto ambiental
modelo de vida
fontes de enerxía
suba de prezos
corta de árbores
investigación e desenvolvemento



5. A. Le cada unha destas frases. Podes dicir o mesmo con outras palabras? Para facelo, emprega os substantivos correspondentes aos adxectivos subliñados. Se cômpre, terás que facer algún cambio de estrutura, de orde, de léxico...

1. Moitos turistas viaxan ao Caribe para bañarse nas súas **cálidas** augas.
2. A comunidade internacional está preocupada porque as reservas enerxéticas son moi **escasas**.
3. Os estados deben ser **firmes** nas súas actuacións para castigar os atentados contra o medio.
4. Algunhas das mellores ideas para evitar a contaminación sorprenden polo **sinxelas** que son.
5. As árbores da Amazonia son moi **altas**.

B. Fai agora o mesmo, pero empregando os adxectivos correspondentes aos substantivos que están en grossa.

1. A rolda de prensa que ofreceu o presidente destacou pola súa **brevidade**.
2. Os últimos estudos indican que a **delgadeza** esixida debido á presión social pode provocar nas persoas adolescentes numerosos trastornos da alimentación.
3. O seguimento dos protocolos na **reciclaxe** é fundamental para conseguir un medio equilibrado co desenvolvemento industrial.
4. Un dos puntos fortes deste proxecto de reciclaxe é a **rigor-sidade** no seu desenvolvemento.
5. A **redución** das emisións de CO₂ sería unha das metas que teríamos que acadar.
6. As vítimas do **clima** irán aumentando nos próximos anos.
7. Para evitar máis **desastres** na natureza deberíamos ter unha conduta responsable.

6. A. No seguinte texto, sinala os elementos léxicos e gramaticais que permiten cohesionar o texto. Recorda a axuda que tes na sección Consultar desta unidade.


ACCIDENTE CON INCENDIO EN ALDÁN

Contra as tres horas da madrugada declarouse un incendio en Aldán (Pontevedra). Polo que parece, o lume iniciouse nun coche que sufriu un accidente na estrada PO-551. O vehículo chocou contra unha árbore e, antes de que o condutor puidera evitalo, o motor prendeu lume. Afortunadamente, as lapas comezaron despois de que o único ocupante do turismo lograse saír polo seu propio pé do interior do automóbil. O citado accidente provocou un incendio que se propagou rapidamente e alcanzou unha zona boscosa de difícil acceso. Un dispositivo do corpo de bombeiros de Pontevedra, alertado polo propio accidentado, dirixiuse ao lugar do sinistro, pero antes de chegar alí sufriu unha grave avaria, o que obrigou a que acudisen no seu auxilio os bombeiros da próxima localidade de Cangas. Estes, alertados polos seus compañeiros de Pontevedra, puxeron en acción un dispositivo de actuación que, xunto coas condicións meteorolóxicas –vento frouxo e unha repentina treboada–, axudaron a unha rápida extinción. As ditas condicións impediron que o lume se propagase. Esta madrugada, antes da saída do sol, deuse por extinguido o incendio.

B. Agora que xa sinalaches todos os elementos que fan que un texto estea cohesionado, poderías reescribilo cambiando aqueles elementos léxicos fundamentais como **accidente**, **incendio**, **coche**... por sinónimos?

*Contra as tres horas da madrugada declarouse un **incendio** en Aldán (Pontevedra)...*

*Contra as tres horas da madrugada declarouse un **lume** en Aldán (Pontevedra)*



7. No seguinte cadro hai vinte palabras. En parellas, tentade unilas adecuadamente e obtededes como resultado dez palabras compostas cun significado diferente. Sabedes o significado de todas elas?

porta	borda	mol
lambe	lava	monas
tira	fora	pinta
ruxe	cruz	cús
vaga	(r)ruxe	fol
carta	croios	lume
louza	ollo	

8. Escribe de forma adecuada o plural das seguintes palabras.

1. ► Hoxe tiven que quentar o leite nunha cazola porque tiña os dous (**microondas**) avariados.

2. ▶ No accidente víronse involucrados dous (**golf**)
..... e un camión dunha empresa de transporte.
3. ▶ Os (**gardamontes**) evitaron que o
lume fose a máis.
4. ▶ É unha zona moi animada, está chea de (**pub**)
.....
5. ▶ Ceamos uns (**peixe sapo**) que
estaban riquísimos.
6. ▶ Eramos tantos na viaxe que ocupamos dous (**coche cama**)
.....
7. ▶ É unha superficie para pasatempos espectacular, incluso
teñen dúas (**pista americana**)
para nenos.
8. ▶ Participou en varios (**cásting**) para
presentador de televisión, pero non tivo éxito.
9. ▶ Non fixo dous (**stop**) e sacáronlle
catro puntos do carné.
10. ▶ Tiña tanta sede que bebín dous (**Nestea**)
..... seguidos.

UNIDADE 8
Vivir para traballar

1. A. Clasifica as seguintes palabras ou expresións re-
lacionadas co mundo do traballo en columnas segundo
teñan para ti unha connotación positiva, negativa ou
neutra.

	Positiva	Nin positiva nin negativa	Negativa
o soldo			
as vacacións			
as horas extras			
os colegas			
o xefe			
o horario flexible			
as comisións			
a formación			
o contrato fixo			
a promoción profesional			
as axudas de custo			
a competitividade			
o estrés			
un ascenso			
o despedimento			
a conciliación			
o aumento do soldo			
a desigualdade laboral			
a paga extra			

B. Ocorrénseche outras palabras relacionadas co mun-
do do traballo? Clasificaas na columna correspondente.

2. Escribe todas as profesións que se che ocorran para completar cada unha das categorías

Profesi3ns en v3as de extinci3n	Profesi3ns perigosas
zapateiro	
Profesi3ns moi ben pagadas	Novas profesi3ns
Profesi3ns do futuro	Profesi3ns solidarias

3. Tenta definir as seguintes aptitudes. Despois, compara as túas definicións coas dun dicionario.

a. autoritario/a d. comprensivo/a g. dinámico/a
b. accesible e. flexible h. creativo/a
c. tolerante f. organizado/a i. emprendedor/ra

Autoritário/a: pessoa á que lle gusta mandar e impoñer sempre o seu criterio.

4. Pensa en tres profesións que coñezas ben. Escribe unha lista das aptitudes máis importantes para desempeñalas.

	Ser	Ter	Saber
Profesión 1			
Profesión 2			
Profesión 3			

5. A. Tenta descubrir a que profesión se refire cada unha das diferentes testemuñas. Subliña as palabras clave que che axuden a descubri-lo.

1. Nesta profesión, ás veces sénteste con pesadume polos continuos cambios de horario. Ademais, o contacto directo coa xente, as súas esixencias e os temores por voar fan que sintas unha gran presión. Durante unhas horas estamos a tope de traballo pero ao chegar ao destino podemos descansar un ou dous días.

2. O feito de que unha vida humana dependa de ti faiche sentir unha gran presión e unha gran responsabilidade. Pero tamén fai que te sintas moi motivado. Aínda que ás veces esteamos a tope, tentamos que a xente sinta que está en boas mans.

3. A maioría dos que facemos este traballo pensamos que facemos algo que está por debaixo das nosas capacidades, é un traballo de subsistencia. Ademais, cando chamas á xente, sentes que invadiches a súa intimidade. E cando che colgan sen escoitarte, sénteste frustrado. Ás veces, nin eu mesmo me creo que o que lle conto á xente para vender o produto. Síntome moi pouco identificado co que fago.

B. Agora inventa dous testemuños de persoas que se dediquen a profesións diferentes. Podes levarlos á clase para que os teus compañeiros adiviñen cal é a profesión desas persoas.

máis exercicios

6. A. Neste fragmento dun artigo sobre Figgle, unha empresa ficticia, faltan algunhas palabras ou expresións. Cales cres que poden ser? Anota as túas hipóteses para cada caso.

PARA OS TRABALLADORES DE FIGGLE non hai xefes nin empregados. “Requírese un perfil determinado para traballar aquí. Se non (1) cos outros, podes pasalo bastante mal porque a relación é moi estreita”. Aos traballadores de Figgle non lles gusta dicir canto (2), aínda que confesen que están ben pagados. Tampouco lles gusta que os artigos sobre Figgle falen dos “luxos” dos que dispoñen na empresa: billares, masaxes, xoguetes e ata patinetes para ir polos corredores. Eses cren que non dan unha boa (3) deles ante o mundo, pero o certo é que esas comodidades contribúen a rebaixar o nivel de (4). “A verdade é que en Figgle non te sentes angustiado nin tes a sensación de estar facendo algo por encima das túas (5). Non vivimos o traballo como unha condena, senón que nos implicamos para sacar adiante un proxecto. Non hai horarios de traballo, cada cal entra e sae cando se lle (6)”. Poden vestir como lles pareza, incluso en pixama ou bermudas. E todos os venres, a empresa, incluídos os fundadores, se reúne para comer ou facer algunha actividade xuntos. Figgle é unha empresa esixente, pero á vez sabe ser (7) e xenerosa cos seus cerebros. Teñen claro que a xente (8) máis nun contorno laboral no que se sente cómoda.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____

B. Compara co teu compañeiro se coincidistes coas mesmas palabras. Se é así, tentade buscar sinónimos para cada unha delas.

7. Cal destas dúas persoas cres que soubo “venderse” mellor para conseguir o mesmo traballo? Compara a maneira en que presentan as súas respectivas experiencias.



Elsa. Teño certa experiencia coidando nenos de entre 1 e 6 anos. Encárgome de todo o referente ao seu coidado e manutención, aínda que tamén podo darlles clases de reforzo das materias escolares e organizarlles xogos, entretemento e saídas culturais. No meu último traballo conseguín que os dous nenos ao meu cargo aprobasen o curso sen problemas.



Rocío. Teño unha amplísima experiencia como asesora pedagóxica infantil. As miñas funcións non só se limitan ao coidado e manutención dos nenos, senón que, grazas á miña formación académica, podo impartir clases de reforzo de todas e cada unha das materias do currículo español. Realicei cursos de psicoloxía infantil, polo que entre as miñas tarefas tamén se inclúe a de organizar xogos, entretementos e actividades que favorecen a socialización e a motricidade dos nenos. No meu último traballo, nunha familia de dous nenos hiperactivos, logrei incrementar as habilidades cognitivas dos meus alumnos nun 50% e ambos conseguiron superar as probas de final de curso con excelentes resultados.

8. Nas seguintes frases decide se o obxecto directo debe levar a preposición **a** ou non. Non esquezas realizar a contracción co artigo cando sexa conveniente.

1. • Detestaba tanto o curmán como
súa muller.
2. • Bañou o neno, peiteouno, durmiuno e logo
xa puido saír.
3. • Chamei Ánxela por teléfono, xa que estaba
de aniversario.
4. • Atopou o home que tanto desexaba.
5. • Non ten ningún sentido, imita calquera.
6. • É unha persoa moi educada, cumprimentou
todos e logo deu un magnífico discurso.
7. • Entrevistou a cantante de rock máis coñecida do
momento.
8. • Levaron os cans todo o día de caza.

9. • o neno de Xoán, castigárono xa dúas veces no colexio.

10. • O alcalde acusou os veciños de teren reivindicacións demagóxicas.

9. Imaxina que queres ir de vacacións a Cuba cun compañeiro ou compañeira da clase que, cando llo propós, non para de poñer inconvenientes. No teu caderno, escribe posibles argumentos para rebatelos.

1. • Vai moita calor
Xa, pero aínda que vai moita calor, as praias son increíbles e estase moi ben.

2. • Pódennos picar os mosquitos.
.....
.....

3. • Temos que sacar un visado.
.....
.....

4. • Hai moitísimos turistas.
.....
.....

5. • A gasolina alí é moi cara.
.....
.....

6. • É moi caro alugar un coche.
.....
.....

7. • Sempre hai furacáns nesa zona.
.....
.....

10. Coloca nas seguintes frases os conectores que che presentamos no cadro que está a continuación.

para	aínda que	porque	como	así que
------	-----------	--------	------	---------

1. Fixen todas as probas atléticas me indicou o meu adestrador.

2. Realicei un bo traballo, non seguí as indicacións do meu profesor.

3. Obtiven unha mala valoración na entrevista non lle fixen caso aos consellos do meu antigo xefe.

4. Pasei o verán traballando e aforrei bastantes cartos, no mes que vén xa poderei facer a viaxe que sempre soñei.

5. Esforceime moito na carreira contentar a meus pais.

11. A. Despois de ler este titular, trata de imaxinar que palabras ou expresións cres que vas encontrar na noticia que vas ler despois. Fai unha lista no teu caderno.

“Unha de cada dez parellas fórmase no traballo”

*namorarse
pasar moito tempo xuntos*

B. Le agora a noticia. Entras moitas das palabras que hai na túa lista? Hai palabras ou expresións sinónimas das que pensarás?

Aínda que o traballo poida non parecer o lugar ideal para namorarse, o certo é que entre asistir a reunións, redactar informes e facer orzamentos, hai quen encontra tempo para iniciar unha relación sentimental. Segundo un recente estudo, o 13% da poboación activa coñeceu a súa parella no lugar de traballo ou estudo. No 67% dos casos, a atracción xurdiu ao ir coñecéndose. Nas profesións liberais, onde o traballo é realizado por equipos mixtos de xente nova, aumentan as probabilidades de idilio. Compartir intereses, asistir a festas e comidas de empresa ou compartir viaxes de negocios favorece o acercamento. Aínda que en moitas ocasións estas relacións poden evolucionar de forma positiva, non son poucos os casos nos que xorden graves problemas, sobre todo cando se trata de traballadores de diferente categoría profesional. Non é estráño que, tras a fin dunha relación, un dos membros denuncie ao outro (o seu superior) por acoso sexual.

máis exercicios

12. A. Este é o anuncio dun dos produtos estrela dunha cadea de comida rápida. Poderías transformalo nunha entrada de dicionario para definir bocadillo de hamburguesa?

Bocadillo O Tixelazo "O rei de Baguette"

Hamburguesas da mellor carne, feitas a fogo de leña e aliñadas con aceite de oliva virxe. Cubertas con finas láminas de queixo fundido, toradas de zumarentos tomates verdes e aros de cebolas tenras acabadas de cortar. E todo dentro dun par de deliciosas rebandas de pan crocante e aderezado coas mellores salsas que Baguette pon á túa disposición.

B. Agora, transforma nun anuncio a seguinte definición.

Barra de labios.

Cosmético usado para colorear os labios, en forma de barra, que se garda nun estoxo.

13. Imaxina que estás buscando algún profesional para realizar unha actividade (podes elixir un na lista ou pensar outro). Elabora un anuncio para poñelo na prensa.

Posibles postos.

- Un guía turístico para visitar Galicia.
- Un animador cultural que organice actividades para coñecer a cultura galega.

REQUÍRESE

.....

.....

VALORARASE

.....

.....

OFRÉCESE

.....

.....

